



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 24 de abril de 2014

Hora de comezo: 13.40 h

Hora de remate: 14.15 h

ASISTENTES:

Don Manuel Mouriño Varela

Don Jesús J. Santamarinas Devesa

Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Concelleiro don Manuel Mouriño Varela, previa delegación por Resolución da Alcaldía de 23/04/2014, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria –Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Recoñecemento de trienios**
- 3. Arquivo expediente de retirada de grúa de obra e dun cadre eléctrico de obra, no lugar de Ramil-Lestedo**
- 4. Demolición dun muro na parcela 1024, polígono 506, do lugar de Ardarís-Lestedo, vía execución subsidiaria. Adxudicación demolición**
- 5. Altas abastecemento**
- 6. Adxudicación do contrato do xantar Encontro de Maiores**
- 7. Aprobación axudas de custo dos Concelleiros correspondentes ó ano 2013**
- 8. Aprobación e aboamento factura con cargo o programa de prevención da dependencia**
- 9. Aprobación da organización do “II concurso morfolóxico de Boqueixón 2014”**
- 10. Alta SAF libre concorrenza**
- 11. Licenzas urbanísticas**
- 12. Xustificación subvención “Programa de prevención de drogodependencias e outras condutas aditivas”**

- 13. Aprobación de facturas**
- 14. Inicio contratación POS 2014**
- 15. Valoración das ofertas do concurso de asistencia técnica urbanística do Concello de Boqueixón**
- 16. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 3 de abril do 2014.

2. Recoñecemento de trienios

Dona Yolanda Neira Cristobo, con DNI XXXXX laboral temporal do grupo A-1 que desempeña as funcións de psicóloga do Centro de Información á Muller neste concello solicita o recoñecemento ó primeiro trienio, con efectos económicos a partires do día 1 de maio de 2014.

Dona Teresa Castro Blanco, con DNI XXXXX laboral temporal do grupo C - 2 que desempeña as funcións de auxiliar administrativo neste concello, solicita o recoñecemento ó primeiro trienio, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2014.

Polo exposto e á vista da documentación presentada, a Xunta de Goberno acorda:

- 1. Recoñecer a dona Yolanda Neira Cristobo, con DNI XXXXX laboral temporal do grupo A-1 o recoñecemento ó primeiro trienio, con efectos económicos a partires do día 1 de maio de 2014.**
- 2. Recoñecer a dona Teresa Castro Blanco, con DNI XXXXX laboral temporal do grupo C – 2 o recoñecemento ó primeiro trienio, con efectos económicos a partires do día 1 de xaneiro de 2014**

3. Arquivo expediente de retirada de grúa de obra e dun cadro eléctrico de obra, no lugar de Ramil-Lestedo

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 4 de abril de 2013, iníciase o procedemento para a imposición da orde de execución do desmontaxe e retirada da grúa de obra e do cadro eléctrico de obra pertencentes a “Promocións e Construccións SANAMIL Lestedo SL”, instalada a grúa de obra na parcela número 986, polígono 513, do lugar de Ramil – Lestedo e o cadro eléctrico da obra instalado na beirarrúa que está enfronte da citada parcela.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 16 de maio de 2013, procédese coa orde de execución do desmontaxe e retirada da grúa de obra e do cadro eléctrico de obra pertencentes a “Promocións e Construccións SANAMIL Lestedo SL”, instalada a grúa de obra na parcela número 986, polígono 513, do lugar de Ramil – Lestedo e o cadro eléctrico da obra instalado na beirarrúa que está enfronte da citada parcela.

Na Xunta de Goberno do 4 de xullo do 2013 acórdase proceder coa execución subsidiaria da orde de execución consistente na desmontaxe e retirada da grúa de obra e do cadro eléctrico de obra pertencentes a “Promocións e Construccións SANAMIL Lestedo SL”, instalada a grúa de obra na parcela número 986, polígono 513, do lugar de Ramil – Lestedo e o cadro eléctrico da obra instalado na beirarrúa que está enfronte da citada parcela.

O 11 de outubro de 2013, co número de saída 13/968, remítense ó Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, solicitude de entrada na parcela 986, polígono 513, do lugar de Ramil-Lestedo, para proceder coa retirada da grúa.

O informe do Encargado de Obras e Servizos do Concello de Boqueixón, de data 7 de xaneiro de 2014 sinala que “*procedeuse á retirada da beirarrúa, de uso público, dun cadro eléctrico de obra que estaba en estado de abandono*”.

O 6 de marzo de 2014, co número de entrada 14/405 o Xulgado do Contencioso - Administrativo número 1 notifica ó Concello de Boqueixón a Providencia de data 28 de febreiro de 2014, en virtude da cal se traslada escrito de D. Francisco XXXXX, administrador concursal de “Promocións e Construccións SANAMIL Lestedo SL”, autorizando a entrada na parcela 986, polígono 513, do lugar de Ramil-Lestedo.

O informe do Encargado de Obras e Servizos do Concello de Boqueixón, de data 11 de abril de 2014 sinala que “*Compróbase que no lugar de Ramil, Lestedo, existen catro vivendas unifamiliares – pareadas, sen acabar de rematar as obras de construcción das mesmas*”.

Teñen licenza municipal de obras de data 19-05-2004, a nome de Promocións e Construccións SANAMIL Lestedo SL.

Ditas vivendas unifamiliares – pareadas, sen acabar de rematar están situadas na parcela número 986, polígono 513, de Ramil – Lestedo.

A data actual compróbase que se procedeu coa desmontaxe e retirada da grúa. Non existe perigo para a seguridade pública. Adxúntase reportaxe fotográfica.”

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra Promocións e Construccións SANAMIL SL”, por proceder os mesmos coa retirada do cadro eléctrico de obra e da grúa de obra, en estado de abandono e deterioro, na parcela número 986, polígono 513, do lugar de Ramil – Lestedo
2. Comunicar este acordo os interesados.

4.Demolición dun muro na parcela 1024, polígono 506, do lugar de Ardarís-Lestedo, vía execución subsidiaria. Adxudicación demolición

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 7 de febreiro de 2013 acórdase proceder coa execución subsidiaria e en consecuencia coa demolición do muro na parcela 1024, polígono 506, de Ardarís – Lestedo, propiedade de dona Rosario XXXXX, por carecer de previa autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, por carecer de licenza municipal de obras e por empregar materiais de obras non permitidos.

Sinálase igualmente no acordo, que o custo previsto para a demolición do muro, según valoración efectuada pola arquitecta municipal en decembro de 2012, é de 2.345,46 € e que nun prazo máximo de 5 días, desde o recibo da notificación, dona Rosario XXXXX debe remitir mediante escrito a correspondente autorización para proceder á demolición do muro así como a xustificación do pagamento do mencionado importe na conta bancaria do concello. Pola contra, procederese á execución subsidiaria polo concello e á recadación da débeda vía executiva.

Notificado o acordo da Xunta de Goberno á propietaria do muro, dona Rosario XXXXX, o 12 de febreiro de 2013, non presenta recursos, non autoriza a entrada na parcela 1024, polígono 506 de Ardarís-Lestedo e non aboa os custos de execución subsidiaria.

O 20 de marzo de 2014 co número de entrada 14/504 recíbese no Concello de Boqueixón, Auto de 21 de febreiro de 2014, ditado polo Maxistrado-Xuíz do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela, don José Alvariño Alejandro, no cal se autoriza, co número 329/2013, a entrada na parcela número 1024, polígono 506, referencia catastral: 15012A506010240000WR, localizada en Ardarís – Lestedo, Boqueixón, propiedade de dona Rosario XXXXX e dese xeito proceder co levantamento do muro realizado, así como o baleirado das terras que poidan invadir a distancia mínima ó eixe da estrada.

Solicitadas ofertas económicas a varias empresas do sector, teñen entrada no rexistro municipal os seguintes presupostos para levantamento do muro realizado, así como o baleirado das terras:

REXISTRO MUNICIPAL	EMPRESA	IMPORTE TOTAL (CON IVE)
4 de abril do 2014, número 613	OVIGA SL	2.050,01 €
9 de abril do 2014, número 635	Hnos Couto Fandiño SL	2.100 €
10 de abril do 2014, número 650	Excavaciones Ovidio	2.345,46 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Contratar á empresa OVIGA SL para que proceda cos traballos de levantamento do muro realizado así como o baleirado das terras que poidan invadir a distancia mínima ó eixo da vía (4m) e transportalas a un vertedoiro autorizado, no prezo total (IVE engadido) de **2.050,01 €**.
2. Comunicar a dita empresa que para a realización destes traballos deberá adoptar as medidas de seguridade e de saúde necesarias en prevención de posibles danos persoais/materiais.
3. Comunicar este acordo á empresa OVIGA SL para que no prazo máximo dun mes, desde o recibo do mesmo, proceda cos citados traballos.
4. Comunicar á empresa que, con antelación suficiente, sinale por escrito ó concello o día de comezo dos traballos de demolición, a duración e os horarios da xornada de traballo, posto que o concello ten a obriga de comunicar á propietaria do muro, tal e como sinala a “autorización de entrada número 329/2013”, con suficiente antelación a data de entrada na parcela da súa propiedade.

5. Altas abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúense como beneficiarios do servizo ás persoas que se relacionan a continuación.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDERECO INMOBLE	TAXA
Generosa XXXXX	XXXXX	XXXXX	54,81 €
Don José Antonio XXXXX	XXXXX	XXXXX	54,81 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivenda.

Dona Generosa XXXXX, abou a taxa no número de conta XXXXX. Achega xustificante da transferencia realizada.

Don José Antonio XXXXX abou a taxa no número de conta XXXXX. Achega xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente .

6. Adxudicación do contrato do xantar Encontro de Maiores

Na Xunta de Goberno do día 3 de abril de 2014, iniciouse a contratación do xantar que se vai a realizar no Encontro de Maiores que se está organizando para o vindeiro día 3 de maio, e que terá lugar no pavillón do Forte.

O día 7 de abril, envíanse as invitacións correspondentes ás empresas elixidas para contratación do xantar que foron Congelados Veloso e Florencia Iglesias Carbia.

O día 10 de abril recíbense os presupostos solicitados, e constátase que o de menor prezo, é o ofertado por Congelados Veloso. A empresa Florencia Iglesias Carbia envía un presupuesto por 21 euros/ persoa e non detalla tan pormenorizadamente o menú que se vai a servir.

No orzamento do ano 2014, na partida 363.226 denominada Actividades de participación cidadá, existe consignación suficiente para o pagamento deste servizo. O custo estimado, tendo en conta que se prevía unha asistencia de 300 persoas, sería de 6.000 euros.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Adxudicar a realización do xantar que se organiza no Encontro de Maiores que terá lugar o día 3 de maio no pavillón do Forte, á empresa Congelados Veloso por importe de 20 euros/ persoa. Tamén se fará cargo da montaxe de mesas, cadeiras, vaixela, cristalería e todo o necesario para o evento.

7. Aprobación axudas de custo dos Concelleiros correspondentes ó ano 2013

Na Xunta de Goberno do día 20 de xuño de 2013, aprobáronse as axudas de custo dos concelleiros onde se inclúan as dietas pola asistencia destes ás xuntanzas que realizan os delegados de área.

Desde o mes de xuño do pasado ano, estaban sin presentar as correspondentes actas e non se aboaran as axudas desde o mes de xuño ata o mes de decembro do ano 2013. Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- 1 Aprobar as axudas de custo dos concelleiros que a continuación se reflicten cos seus correspondentes importes e polo total desagregado:

AXUDAS DE CUSTO CONCELLEIROS DENDE XUÑO A DECEMBRO DE 2013									
DELEGADOS DE ÁREA I	6 xuño	13 xuño	20 xuño	27 xuño	04 xullo	11 xullo	18 xullo	01-agosto-14	08 agosto
D. ANTONIO GONZALEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. DOLORES GARCIA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. ADELA REDONDO	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
D. JESUS NEIRA VARELA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
DELEGADOS DE ÁREA II	22 agosto	29 agosto	05 setembro	12 setembro	19 setembro	26 setembro	03 outubro	10 outubro	17 outubro
D. ANTONIO GONZALEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. DOLORES GARCIA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. ADELA REDONDO	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
D. JESUS NEIRA VARELA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
DELEGADOS DE ÁREA III	24 outubro	31 outubro	7 novbro.	14 novbro.	21 novbro.	28 novbro.	05 dcbro.	12 dcbro.	19 dcbro.
D. ANTONIO GONZALEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. DOLORES GARCIA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. ADELA REDONDO	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
D. JESUS NEIRA VARELA	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
DELEGADOS DE ÁREA IV	26 dcbro.								
D. ANTONIO GONZALEZ	60 €								
Dna. DOLORES GARCIA	60 €								
Dna. SONIA RODRÍGUEZ	60 €								
Dna. ADELA REDONDO	60 €								
D. JESUS NEIRA VARELA	60 €								

	<u>TOTAL BRUTO</u>	<u>IRPF 15 %</u>	<u>TOTAL LÍQUIDO</u>
Don Antonio Gonzalez	1.680 €	252 €	1.428 €
Dona. Dolores Garcia	1.680 €	252 €	1.428 €
Dona. Sonia Rodríguez	1.680 €	252 €	1.428 €
Dona. Adela Redondo	1.680 €	252 €	1.428 €
Don Jesus Neira Varela	1.680 €	252 €	1.428 €
TOTAIS	8.400,00€	1.260,00 €	7.140,00 €

- 2 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 910.233.00 do orzamento do ano 2014.

8.Aprobación e aboamento factura con cargo o programa de prevención da dependencia

Con data do 14 de abril e con rexistro de entrada número 14/676 recíbese unha factura para a súa aprobación e aboamento .

Dita factura imputárase con cargo á subvención da Deputación de FOAXCA 2013 que se resolveu co número de resolución 10957 e data de rexistro de entrada no Concello o 10 de xullo do 2013, número de rexistro 13/1378, en concepto de gastos de persoal técnico e actividades do programa prevención da dependencia.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Aprobar e imputar a seguinte factura e proceder ó seu aboamento

Nº REXISTRO	DATA	EMPRESA	IMPORTE
14/010	02/04/14	FISS CORUÑA Matilde XXXXX (XXXXX)	535 €

- 2.- Comunicar este acordo ao departamento de Tesourería-Intervención para que proceda ó seu aboamento con cargo á subvención da Deputación.

9.Aprobación da organización do “II concurso morfolóxico de Boqueixón 2014”

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases do réxime local establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar certos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal. Por outra parte, o artigo 25.2 m) da mesma norma outorga competencias ós concellos en materia de cultura e de ocupación do tempo libre.

O Concello de Boqueixón leva a cabo diversas accións de promoción do medio rural en diferentes ámbitos, pero un sector sen dinamizar e sen potenciar é o sector gandeiro cabalar. Tendo constancia da existencia deste puxante sector no municipio, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Aprobar a organización do “II Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón 2014”.
- 2.- Aprobar as bases do “II Concursos Morfolóxico Cabalar de Boqueixón 2014”.
- 3.- Dispor da asignación orzamentaria suficiente para fazer fronte á aportación municipal de 6.645 € segundo o orzamento previsto, puidendo quedar reducida esta aportación atendendo ás colaboracións económicas externas de organismo públicos, entidades ou empresas, que quedan reguladas no apartado 10 das bases de organización deste evento.
- 4.- Aprobar a solicitude de autorización á Consellería de Medio Rural e do Mar para poder realizar o evento.
- 5.- Aprobar a Memoria explicativa do proxecto.
- 6.- Aprobar a solicitude de colaboración á Deputación da Coruña mediante a impresión de 150 carteis promocionais do concurso.

10.Alta SAF libre concorrencia

Logo de ver o informe da traballadora social, no que propón dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar por libre concorrencia, en tanto non sexa atendido a través do SGAD, a don Constantino XXXXX, veciño de XXXXX, cunha intensidade horaria mensual de 20,8 horas, a Xunta de Goberno acorda :

Prestarlle servizos de axuda no fogar por libre concorrencia, en tanto non sexa atendido a través do SGAD, a:

- Don Constantino XXXXX, co DNI XXXXX, veciño do lugar de XXXXX parroquia de XXXXX, **cunha intensidade horaria mensual de 20,8 horas.**
- Que recibirá as prestacións indicadas no informe da traballadora social e nas condicións que neste se estipula.
- Que, de proceder taxa, será revisada anualmente segundo a variación económica beneficiario e custo salarial do servizo.
- Notificar este acordo o interesado.

11.Licenzas urbanísticas

A) Expte 07/1347. Modificación da licenza municipal de obras número 08/0211, de data do 06/02/2008, para a construcción dunha vivenda unifamiliar illada, no lugar de xx, na parroquia de Lestedo

Antecedentes:

Con data do 06/02/2008, o Concello de Boqueixón outorgou a licenza municipal de obras a D. Ovidio XXXXX e Dona Ana XXXXX, con N.I.F. nº. XXXXX e XXXXX respectivamente, para a construcción dunha vivenda unifamiliar illada, no lugar de xx, na parroquia de Lestedo, emprazada urbanisticamente en Solo Urbano.

Con data do 23/12/2013 (rexistro de entrada nº 13/2446), por Ana XXXXX, con N.I.F. XXXXX, preséntase un proxecto técnico modificado, do proxecto básico e de execución, asinado polo arquitecto D. José Antonio Hernando Ezquerra, colexiado nº 1779, e solicítase unha modificación da licenza outorgada, para a ampliación de planta de soto.

Con data do 24/12/2013, pola alcaldía, pone en coñecemento dos promotores, os importes que deberán abonar pola taxa municipal (61,62 €), e polo importe do I.C.I.O. (906,76 €), debido ao incremento do orzamento de execución material das obras realizadas.

Con data do 13/03/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítense un informe técnico favorable condicional, no cal se sinala que na documentación achegada, quedan reflectidas modificacións na distribución interior da vivenda, polo que deberase xustificar que as mesmas, cumpren coa normativa de habitabilidade.

Con data do 03/04/2014, por Ana XXXXX, con NIF XXXXXX, preséntase o anexo ao proxecto modificado, polo que se xustifica o cumprimento da normativa de habitabilidade.

Con data do 22/04/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítense o **informe técnico favorable**, ao proxecto modificado.

Con data do 22/04/2014, emítese informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, realizada aos efectos con data do 13/01/2014, e que corresponde pola solicitude da modificación da licenza municipal de obras nº 08/0211, polo que a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Modificar, a licenza municipal de obras nº 08/0211, de data do 06/02/2008, a nome de Ovidio XXXXX e Ana XXXXXX, para a construcción dunha vivenda unifamiliar, no lugar de xx, na parroquia de Lestedo, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

Condicións particulares do proxecto inicial:

01. Núm. do expediente: 07/4458
02. Promotores da licenza: OVIDIO XXXXX e ANA XXXXX
03. N.I.F. dos promotores: XXXXX
04. Clasificación urbanística: SOLO URBANO (Ordenanza 4)
05. Tipo de Obra a realizar: CONSTRUCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR
06. Situación e emprazamento: XX - LESTEDO
07. Orzamento das obras: 123.375,82 €
08. Técnico autor do proxecto: RAMÓN VIEITES CASTIÑEIRAS. Arquitecto
09. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: SEIS MESES
 - Para terminar as obras: TRES ANOS

Condicións particulares do proxecto inicial e do proxecto modificado:

10. Núm. do expediente inicial: 07/4458
11. Núm. do expediente do proxecto modificado: 13/2446
12. Promotores da licenza: OVIDIO XXXXX e ANA XXXXX
13. N.I.F. dos promotores: XXXXX
14. Tipo de Obra a realizar: CONSTRUCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR
15. Alturas da obra: PLANTA DE SOTO + PLANTA BAIXA + PLANTA ALTA
16. Clasificación urbanística: SOLO URBANO (Ordenanza 4)
17. Situación e emprazamento: XX - LESTEDO
18. Orzamento das obras no proxecto modificado: 36.270,31 €
19. Liquidación do I.C.I.O. do proxecto modificado: 906,76 €
20. Técnico autor do proxecto modificado: JOSÉ A. HERNANDO EZQUERRA. Arquitecto

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **906,76 €**, que resultan da diferencia entre o orzamento inicial das obras, e o incremento do orzamento que se inclúe no proxecto modificado, en aplicación aos artigos 6 e 7 da ordenanza fiscal do imposto sobre construcións, instalacións e obras, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

O importe total, pola liquidación aprobada anteriormente, de **906,76 €** deberá ser ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: XXXXX

B) Exp.: 13/2385. Licenza municipal de obras, para a reconstrución de cuberta, dunha vivenda unifamiliar existente, no lugar de XX, na parroquia de Lestedo

Antecedentes:

Con data do 13/12/2013 (rexistro de entrada núm. 13/2385), por dona Olga XXXXX, con DNI nº. XXXXX, preséntase un proxecto técnico, asinado polo arquitecto técnico D. Enrique Mella Otero, col. Nº 527, para realizar obras de reconstrucción de cuberta dunha vivenda unifamiliar existente, emprazada no lugar de XXXXX, na parroquia de Lestedo.

Con data do 18/12/2013, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, no que corresponde á normativa urbanística municipal, emite un informe técnico favorable condicional ao expediente de referencia, e para a realización dos traballos expostos na documentación presentada. No mesmo faise constar que deberase achegar un certificado de seguridade e solidez da edificación existente, e ademais, deberase obter a autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural, toda vez que as obras propostas, están localizadas na zona de protección da Ermida de Ramil, incluída no catálogo das normas subsidiarias de planeamento municipal, coa clave AR 020.

Con data do 20/12/2013 (rexistro de saída nº 13/1230), solicítase o informe ou autorización previa, ante o Servizo de Patrimonio Cultural.

Con data do 25/03/2014 (rexistro de entrada nº 14/529), recíbese a autorización previa do Servizo de Patrimonio Cultural, emitida con data do 17/03/2014.

Con data do 26/03/2014 (rexistro de saída nº14/297, de data do 27/03/2014), solicítase á promotora da licenza o certificado técnico de seguridade e solidez da edificación existente, o cal foi redactado polo técnico, con data do 01/04/2014, e visado no colexio profesional correspondente, con data do 04/04/2014.

Con data do 15/04/2014, emítense un informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación acreditativa:

- Xustificante do ingreso da taxa (con data do 13/12/2013), que se corresponde abonar pola solicitude da licenza municipal de obras, por importe de 61,62 €.
- Certificado técnico de seguridade e solidez da edificación na que se pretenden as obras.
- Título de propiedade da parcela na que se empraza a edificación.
- Oficio técnico de Dirección de Obra
- Oficio técnico de Coordinación de Seguridade e Saúde.

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a dona Olga XXXXX, con DNI nº XXXXX, a licenza municipal de obras, para realizar as obras de “*reconstrución de cuberta, dunha vivenda unifamiliar existente*”, que se empraza no lugar de XXXXX, na parroquia de Lestedo, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a) Condicóns particulares desta licenza:

1. Núm. de expediente: 13/2385
2. Promotora da licenza: OLGA XXXXX
3. N.I.F. do promotor: XXXXX
4. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL
5. Obras a realizar: RECONSTRUCCIÓN DE CUBERTA, DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE
6. Situación: XX – LESTEDO
7. Emprazamento: FINCA CATASTRAL Nº.: 15012A506020030001ED
8. Taxa pola solicitude da licenza: 61,62 €
9. Orzamento de execución material das obras: 8.158,80 €
10. Liquidación do ICIO (2,5% do presupuesto de execución material): 203,97 €

b) Condicóns especiais desta licenza:

11. Prazos de execución das obras, desde o recibo de notificación desta licenza:
Para comenzar as obras: TRES MESES
Para terminar as obras: UN ANO
12. Os traballos a realizar serán exclusivamente os expostos na documentación aportada, e si fosen necesarias realizar máis obras das descritas, estas deberán contar con unha nova autorización previa de Patrimonio Cultural, e licenza municipal.
13. Durante a execución das obras, tomaranse as medidas de seguridade e saúde necesarias.
14. De ser necesaria a colocación dos andamios, estes deberán ser homologados.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **203,97 €**, que resulta de aplicación, en base aos artigos 6 e 7 da ordenanza fiscal do imposto sobre construccóns, instalacións e obras, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

O importe pola liquidación aprobado anteriormente, de **203,97 €**, deberá ser ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta número: XXXXX

C) Exp.: 13/2386. Licenza municipal de obras, para a rehabilitación de cuberta, dunha vivenda unifamiliar existente, no lugar de XX, na parroquia de Lestedo

Antecedentes:

Con data do 13/12/2013 (rexistro de entrada nº. 13/2386), por don Miguel XXXXX , con DNI número XXXXX, preséntase unha memoria valorada, asinada polo promotor das obras, para realizar obras de rehabilitación de cuberta dunha vivenda unifamiliar existente, emprazada no lugar de XX, na parroquia de Lestedo.

Con data do 18/12/2013, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, no que corresponde á normativa urbanística municipal, emite un informe técnico favorable, ao expediente de referencia, e para a realización dos traballos expostos na documentación presentada. No mesmo faise constar que deberase obter a autorización previa do Servizo de

Patrimonio Cultural, toda vez que as actuacións previstas na vivenda de referencia, están localizadas no ámbito de protección do Camiño de Santiago.

Con data do 18/12/2013 (rexistro de saída número 13/1215), solicítase o informe ou autorización previa, ante o Servizo de Patrimonio Cultural.

Con data do 16/04/2014 (rexistro de entrada número 14/699), recíbese a autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, emitida con data do 14/04/2014.

Con data do 15/04/2014, emítense un informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación acreditativa:

- Xustificante do ingreso da taxa (con data do 13/12/2013), que se corresponde abonar pola solicitude da licenza municipal de obras, por importe de 61,62 €.

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a don Miguel XXXXX, con DNI número XXXXX, a licenza municipal de obras, para realizar as obras de “*rehabilitación de cuberta, dunha vivenda unifamiliar existente*”, que se empraza no lugar de XX, na parroquia de Lestedo, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a) Condicóns particulares desta licenza:

1. Núm. de expediente: 13/2386
2. Promotora da licenza: MIGUEL XXXXX
3. N.I.F. do promotor: XXXXX
4. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE COMÚN
5. Obras a realizar: REHABILITACIÓN DE CUBERTA, DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE
6. Situación: XX – LESTEDO
7. Emprazamento: FINCA CATASTRAL Nº.: 000901900NH43G0001YJ
8. Taxa pola solicitude da licenza: 61,62 €
9. Orzamento de execución material das obras: 4.195,40 €
10. Liquidación do I.C.I.O. (2,5% do presupuesto de execución material): 104,89 €

b) Condicóns especiais desta licenza:

11. Prazos de execución das obras, desde o recibo de notificación desta licenza:

Para comezar as obras: TRES MESES

Para terminar as obras: UN ANO

12. Os traballos a realizar serán exclusivamente os expostos na documentación aportada, e si fosen necesarias realizar máis obras das descritas, estas deberán contar cunha nova autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e Licenza Municipal.

13. Durante a execución das obras, tomaranse as medidas de seguridade e saúde necesarias.

14. De ser necesaria a colocación dos andamios, estes deberán ser homologados.

15. As obras non afectarán ao volume nin a morfoloxía do inmoble

16. Non se poderán modificar as pendentes dos faldróns das cubertas, e deberán ser os existentes.

17. As canles, baixantes, ou calquera outro elemento necesario para a execución do saneamento visto, terán seccións circulares sen molduras.

Segundo:

